



Concello
de Arzúa

Rúa de Santiago, 2
15810 Arzúa
Teléfono 981 500 000
Fax 981 500 914
www.concellodearzua.org

CONCELLO DE CARBALLO

Libro Xeral de Entrada

2016001991

18-02-2016 11:39



10704414446062525130

Convenio SECRETARÍA SECRETARÍA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARZÚA E O CONCELLO DE CARBALLO , PARA O REFORZO DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE ARZÚA CON POLICÍAS PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CARBALLO DURANTE A FESTA DO QUEIXO , A CELEBRAR OS DÍAS 5 E 6 DE MARZO DE 2016.

En Arzúa, a 15 de febreiro de 2016

I.- ANTECEDENTES:

1. Os días 5 e 6 marzo de 2016 celebrárase en Arzúa a 41 Edición da Festa do Queixo, prevéndose unha grande afluencia de visitantes.
2. A dotación da policía local é de 1 efectivo, resultando insuficiente para ocasións puntuais cal é o caso.
3. Prevese, con motivo destas celebracións, unha carga de traballo que non pode ser asumida cos efectivos existentes.
4. O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, pola que se aproban as normas reguladoras de coordinación de policía locais de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu Alcalde poderá chegar a acordos con outros Concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, de ser preciso, en réxime de comisión de servizos, aceptado voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que, en todo caso, deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no Rexistro de Policía Locais de Galicia.

Con base nos antecedentes citados, asínase este Convenio de colaboración entre D. José Luis García López, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, e D. Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde do Concello de Carballo, con suxeición ás seguintes **CLÁUSULAS:**

- 1) O Concello de Carballo, comprométese a reforzar ao Corpo de Policía Local do Concello de Arzúa con 2 efectivos do seu propio Corpo de Policía Local, os cales aceptan voluntariamente o dito servizo, durante unha xornada diurna o día 06/03/2016.
- 2) Os efectivos do Corpo da Policía Local de que aceptan voluntariamente o servizo en Comisión de servizos:

NOME E APELIDOS	NIF	DATA	HORARIO
JOSÉ IVAN MUIÑO FACAL		06/03/2016	1 XORNADA DIURNA
JOSÉ MANUEL ARNEJO TORREIRO		06/03/2016	1 XORNADA DIURNA


Este convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/02/2016.

- 3) Estes funcionarios prestarán os seus servizos no Concello de Arzúa o día 6 de marzo, polo tempo equivalente a unha xornada diurna de 10 horas. O horario poderá ser ampliado ou modificado en caso de urxencia ou necesidade.
- 4) O réxime no que estes funcionarios se atoparán durante a realización das ditas funcións será o de comisión de servizos no Concello de Arzúa, ao abeiro do establecido no artigo 3.1 do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
- 5) O Concello de Arzúa remitirá ao Concello de Carballo , unha vez rematadas a Festa do Queixo, unha certificación acreditativa da realización dos traballos (con indicación de horas) e o persoal que os realizou.
- 6) Os importes que o Concello de Arzúa se compromete a aboar son de 25 euros/hora (tanto por xornada diurna como como por xornada nocturna), que inclúen os gastos de persoal, dietas por manutención e indemnizacións por gasto de desprazamento, así como calquera outro gasto derivado da prestación deste servizo.
- 7) O Concello de Arzúa non recoñecerá nen pagará cantidade algunha aos axentes asignados á prestación do servizo obxecto deste Convenio de colaboración. O Concello de Arzúa ingresará o importe resultante do punto anterior na conta municipal do Concello de Carballo nº ES96 2080 0019 503110000019, no prazo dun mes dende o remante dos citados servizos.
- 8) O Concello de Carballo , ingresará aos axentes as contías resultantes da comisión de servizos efectuada na nómina correspondente ó mes seguinte en que se realice a comisión.
- 9) O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado, na data e lugar indicados "at supra".

Polo Concello de Arzúa,


O ALCALDE



Asdo. José Luis García López

Polo Concello de
CARBALLO,

O ALCALDE



Asdo. Evencio Ferrero Rodríguez